



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2018**

O Concello de Cedeira convoca as axudas que se indican de acordo coas seguintes bases.

#### **Primeira. Introducción**

Estas normas serán de aplicación ás peticións de subvención presentadas para actividades que realizarán clubs e entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cedeira para o ano 2018. A presente convocatoria de subvencións será instruída pola Concellaría de Deportes e será resolta pola Xunta de Goberno.

#### **Segunda. Requisitos dos beneficiarios**

Poderán solicitar esta subvención todos os clubs e asociacións deportivas de Cedeira que reúnan, no momento de presentar a solicitude de subvención, os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) Estar inscritos en Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Galega.
- c) Será indispensable para optar á subvención ter xustificada a concedida, no seu caso, o ano anterior.
- d) Estar en posesión dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos derivados da actividade do club fronte a terceiros.
- e) Acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Non ser sancionados mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei Xeral Tributaria.

#### **Terceira. Obxecto da subvención**

As presentes bases terán como finalidade apoiar e mellorar a práctica deportiva dos clubs e entidades deportivas, subvencionando os programas de actividades deportivas que se van desenvolver, referidos a proxectos de iniciación deportiva, fomento da práctica e competición deportiva.

Non son obxecto desta subvención os investimentos, entendendo os gastos de natureza inventariable tales como inmobles, mobles e outros susceptibles de inventario e, en todo caso, aqueles cun importe unitario superior a 100 €.

#### **Cuarta. Criterios de concesión**

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrencia competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2018.

A contía da subvención concederáse segundo os puntos que obtivesen de acordo cos criterios de concesión seguintes:

##### **1. Deporte base**

Enténdese por deporte de base ou escolas deportivas toda actividade destinada a fomentar o coñecemento do deporte dunha especialidade dada, desde as categorías inferiores ata xuvenís (inclusive).



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Deporte base	Puntos
Por ter deportistas nados en 2000	1
Por ter deportistas nados en 2001	1
Por ter deportistas nados en 2002	2
Por ter deportistas nados en 2003	2
Por ter deportistas nados en 2004	2
Por ter deportistas nados en 2005	2
Por ter deportistas nados en 2006	2
Por ter deportistas nados en 2007	2
Por ter deportistas nados en 2008	2
Por ter deportistas nados en 2009	2
Por ter deportistas nados en 2010	2
Por ter deportistas nados en 2011	2
Por ter deportistas nados en 2012	2
Por ter deportistas nados en 2013	2
Por ter deportistas nados en 2014	2
Por ter deportistas nados en 2015	2

A puntuación máxima por este apartado será de 30 puntos.

### 2. Fomento da paridade entre sexos

Valorarase a paridade entre sexos existente na entidade deportiva ou club. A máis igualdade entre número de deportistas de ambos os sexos, maior puntuación.

Porcentaxe de mulleres respecto do total de deportistas con fichas federativas.

	Puntos
Entre o 5% e o 10%	3
Entre o 10% e o 20%	5
Entre o 20% e o 30%	10
Entre o 30% e o 40%	15
Máis do 40%	20

### 3. Organización de actividades, torneos, eventos etc.

Terán a consideración de actividade, torneo, evento etc. todas aquelas que se organicen no termo municipal durante o ano 2018, tanto federadas como non federadas e independentemente das categorías (benxamín, cadetes etc.), tanto feminina como masculina, e que afecten directamente ao ámbito local. E todo iso, con independencia da súa duración. (Actividades durante as festas locais, semana deportiva, campus deportivos etc.).

1 punto por actividade organizada ou por organizar cun máximo de 10 puntos.

### 4. Compromiso de participación nas actividades, eventos e reunións organizadas polo



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

### Concello

Valorarase a participación desinteresada do club ou entidade deportiva en todas as actividades, eventos ou reunións organizadas polo Concello durante 2018. (Teranse en conta aqueles para os que se emitiu convocatoria ou solicitude formal desde a Concellaría de Deportes).

1 punto

### 5. Antigüidade do club (segundo a data de constitución do club ou asociación)

Nº de anos de antigüidade do club	Puntos
Ata 5 anos	2
De 5 a 10 anos	4
Máis de 10 anos	6

### 6. Número de deportistas que compoñen o club ou entidade deportiva

Valorarase o número de deportistas federados que conforman o club no momento da presentación da solicitude da subvención, independentemente das súas categorías, e atendendo á seguinte valoración:

Deportistas	Puntos
De 10 a 20	5
De 21 a 40	10
De 41 a 60	15
De 61 a 80	20
De 81 a 100	25
Máis de 100	30

### 7. Técnicos deportivos titulados e acreditados

Enténdese por adestrador aquela persoa que teña o club ou entidade deportiva solicitante para preparar ao equipo na práctica da actividade deportiva correspondente. Esta persoa deberá dispor do título en vigor que a faculte para iso. (Deberase achegar copia do título correspondente e función que desempeña). Segundo o tipo de titulación acreditada, a puntuación por cada técnico deportivo titulado e acreditado, cun máximo de 20 puntos, será:

	Puntos
Licenciado / Adestrador superior ou nacional	5
Diplomado / Adestrador autonómico	3
Adestrador provincial / técnico deportivo	2

### 8. Autofinanciamento, sen ter en conta outras subvencións

	Puntos
Entre o 10% e o 20%	5
Entre o 20% e o 30%	10
Entre o 30% e o 40%	15



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Máis do 40%	20
-------------	----

### 9. Menor importe da cota mensual

Terase en conta o menor importe das cotas mensuais. No caso de que existan varios tipos de cotas, descontos ou de periodicidade que non sexa mensual, ponderarase as cotas polo número de usuarios para equiparar o importe medio mensual. En caso de discrepancia ou de multiplicidade de cotas, para o cálculo da cota mensual, declararase o importe anual de ingresos polas cotas emitidas entre o número de deportistas dividido entre 12 mensualidades.

Entre 0 e 10 euros	25
Máis de 10 e ata 20 euros	20
Máis de 20 e ata 35 euros	15
Máis de 35 e ata 50 euros	10
Máis de 50 euros	0

### 10. Outros aspectos e documentos que se valorarán

Valorarase outros aspectos como: programa deportivo, estrutura organizativa de funcionamento, metodoloxía utilizada, historial deportivo). Ata 10 puntos.

**11. Compromiso co emprego da lingua galega** na difusión das actividades e propaganda das mesmas (5 puntos).

**12. Compromiso de colaboración coa Concellaría de Servizos Sociais para que ningún menor en risco de exclusión social quede fóra dos clubs ou entidades deportivas por razóns económicas**

Unicamente aplicarase esta puntuación no caso de contar con deportistas menores de idade. Esta proposta realizarase a través de informe técnico emitido polos técnicos da Concellaría de Servizos Sociais no que se acredite unha situación económica negativa para facer fronte aos devanditos pagos. 20 puntos

### **Quinta. Documentación para as solicitudes**

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica (<https://sede.cedeira.es>) e formalizaranse mediante o modelo de instancia. Dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

1. Declaración responsable e solicitude de subvención (modelo anexo A).
2. Orzamento detallado que se destina ao proxecto ou programa, no que se deben indicar ingresos e gastos por conceptos, subscrito polo presidente do club ou entidade deportiva.
3. Fotocopia do CIF.
4. Descrición do proxecto ou programa de actividades para o ano 2018.
5. Copia da póliza en vigor acreditativa de estar en posesión dun seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.
6. Documentos xustificativos da titulación dos técnicos deportivos

Cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos ou non incorpore a documentación esixida, requirirase á entidade interesada mediante calquera medio acreditativo de que se realizou o requirimento para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, procedéndose en consecuencia ao seu arquivo sen máis trámite.

As entidades deportivas que soliciten subvencións para actividades e investimentos non teñen que presentar a documentación esixida por duplicado, é suficiente que a presenten acompañando a unha das solicitudes.

### **Sexta. Comisión avaliadora, concesión e seguimento das subvencións**

Nomearase unha Comisión de Valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formulará a proposta de resolución.

A Comisión de Valoración estará composta polo titular da Concellería de Deportes, pola AEDL, e por persoal dos servizos económicos do Concello.

A tramitación das solicitudes suporá unha preavaliación das mesmas na que se verificará o cumprimento das condicións para adquirir a condición de beneficiario da subvención. Para a verificación da inscrición no rexistro municipal de asociacións, unirase un informe acreditativo pola persoa responsable do devandito rexistro.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal.

Contra o acordo que adopte cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución.

### **Sétima. Prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 hábiles contados desde o día do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, unha vez publicada a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **Oitava. Crédito orzamentario e importe das subvencións**

O importe máximo das subvencións que se concedan ao amparo da presente convocatoria ascende a 30.000,00 € e faranse efectivas con cargo á aplicación 341.489.00 do orzamento municipal do Concello de Cedeira para o exercicio 2018.

O importe da subvención que se conceda a cada entidade será o resultado de aplicar o seguinte reparto:

		MÁXIMO
ATA 50 PUNTOS	20% GASTO PREVISTO ou EXECUTADO	7.000,00 €
51 A 80 PUNTOS	35% GASTO PREVISTO ou EXECUTADO	7.000,00 €
81 A 100 PUNTOS	50% GASTO PREVISTO ou EXECUTADO	7.000,00 €
101 A 120 PUNTOS	60% GASTO PREVISTO ou EXECUTADO	7.000,00 €
121 PUNTOS EN ADIANTE	70% GASTO PREVISTO OU EXECUTADO	7.000,00 €

En ningún caso o importe da subvención que se aboará poderá superar o 70 por 100 do importe definitivamente executado.

No caso de que a proposta inicial de subvencións supere o límite orzamentario da convocatoria,



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

axustarase proporcionalmente o importe da subvención entre todas as solicitudes admitidas.

### **Novena. Réxime de compatibilidade**

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo das actividades.

As entidades que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lles sexan solicitados polo Concello.

Quedan excluídas destas subvencións as asociacións ou entidades coas que o Concello estableza convenio ou subvención nominativa.

Estas subvencións son incompatibles con outras subvencións para actividades convocadas polo Concello de Cedeira.

### **Décima. Prazo e forma de xustificación**

O Concello poderá aboar unha vez aprobado e asinado o convenio o 50% do importe subvencionado, quedando o importe restante condicionado a xustificación de gastos polo mencionado importe.

A data límite para executar e xustificar a subvención outorgada será o 30 de novembro de 2018, polo total do gasto proposto, tendo en conta o límite da subvención concedida. A xustificación realizarase mediante a presentación na sede electrónica (<https://sede.cedeira.es>) da documentación sinalada a continuación no Rexistro do Concello e deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Memoria da realización da actividade efectuada.
- Relación clasificada dos gastos subvencionados. (Modelo Anexo B)
- Facturas orixinais ou copias nas que os conceptos expresados nos xustificantes de gasto serán obrigatoriamente os que fosen motivo da subvención.
- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Cumprir os requisitos técnicos esixidos pola normativa que regula as características da factura e o seu contido.
- Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Extractos bancarios das contas do club entre o período do 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2018.
- Certificado bancario do número IBAN ou documentación similar.

Deberase xustificar a totalidade do gasto proposto. O importe que se aboará será o resultado de aplicar ao importe validamente xustificando a porcentaxe de subvención aplicable, sen que poida en ningún caso superar o importe outorgado pola Xunta de Goberno. O importe xustificando deberase corresponder cos conceptos recollidos na solicitude inicial. Unicamente se admitirán



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

incrementos nos conceptos iniciais que non superen o 50 por 100 do importe inicial.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, esta será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pagamento.

### **Undécima. Conceptos subvencionables**

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- a) Compra de trofeos.
- b) Compra de material non inventariable ou funxible (importe unitario inferior a 100 €) (balóns, redes, camisetas etc.). Non serán xustificables os gastos de investimento.
- c) Gastos de desprazamentos (aluguer de medios transporte, aloxamento e manutención (hoteis, albergues etc.) necesarios para a participación en encontros e competicións deportivas.
- d) Gastos de alugueiro de pistas deportivas.
- e) Gastos federativos, mutuas, arbitaxes das competicións etc. Os gastos derivados da participación habitual en competicións oficiais federadas (arbitaxes, taxas federativas etc.) que non fosen aboados polos deportistas.
- f) Nóminas do persoal técnico e seguridade social, cos requisitos legais.
- g) Gasto do mantemento do club. Os gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (telefonía, luz, auga, material oficina funxible, administración, seguros e outros directamente relacionados coa actividade do club).
- h) Carteis, impresos, pancartas, publicidade en medios de comunicación para a divulgación das actividades e actos da entidade.
- k) Seguros para a práctica e a organización deportiva: responsabilidade civil, accidente deportivo, asistenciais sanitarias federativas.

En ningún caso serán subvencionables:

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.
- b) Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os gastos derivados de celebracións gastronómicas (xantares, ceas, pinchos etc.).
- e) Os gastos por elementos inventariables.
- f) Os gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde. Non se terá en conta na súa totalidade, a factura ou xustificante de gasto que conteña algún destes conceptos.

Tampouco serán subvencionables aqueles programas nos que se inclúa algunha das seguintes accións:

- a) Actividades que promovan ou xustifiquen calquera forma de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ou calquera outra que atente contra os dereitos fundamentais da persoa.
- b) Aquelas que fomenten ou poidan incitar, directa ou indirectamente, ao uso de drogas, alcohol ou tabaco, ou que realicen apoloxía do consumo das mesmas.

### **Duodécima. Documentación e pagamento**

O pagamento da subvención farase mediante transferencia ao número IBAN achegado.

### **Décimo terceira. Fiscalización**

O Concello de Cedeira resérvase o dereito de realizar un seguimento das actividades subvencionadas con estas axudas, podendo esixir á entidade deportiva unha explicación



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

detallada e documental dos gastos presentados. Tamén poderá anular calquera subvención concedida cando ao seu xuízo exista incumprimento dos requisitos necesarios para obtención da subvención.

### **Décimo cuarta. Obrigas dos beneficiarios**

Son obrigas dos beneficiarios as que se sinalan na Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como:

-Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade da documentación presentada, para todos os efectos, así como ás inspeccións e controis que se estimen necesarios para verificar a correcta aplicación da subvención concedida, achegando toda a información que lles sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

-Xustificar a subvención concedida, presentando na sede electrónica os documentos que se establecen nas bases.

-En toda a publicidade relativa ao obxecto da subvención deberá figurar que dita actividade ou investimento está subvencionado polo Concello de Cedeira ou cando menos o escudo do Concello.

-Comunicar ao Concello de Cedeira a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade, concedidas con posterioridade á data de presentación da solicitude inicial conforme á base Quinta.

-É tamén obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **Decimo quinta. Infraccións, sancións e reintegro**

O incumprimento dalgunha das bases previstas poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

En todo caso, o incumprimento das obrigas de colaboración coa Concellería de Servizos Sociais, considerarase infracción grave, segundo o disposto no artigo 57 da Lei xeral de subvencións.

O procedemento de reintegro axustarase ao establecido nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

### **Disposición final**

No que non vén previsto na presente convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **MODELO ANEXO A:**



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Exercicio/Período: 2018	Concello de Cedeira	CIF P-1502200-G
<b>SOLICITANTE</b>		Nº (a cubrir pola administración):
<b>Datos da asociación solicitante:</b> Apelidos e nome ou razón social: NIF/NIE: Enderezo para notificacións: CP e localidade:		
<b>Datos da entidade:</b> Club/Asociación: CIF: Enderezo para notificacións: CP e Localidade:		
<b>OBXECTO DA SUBVENCIÓN:</b>		
SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DESTINADAS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE CEDEIRA, ANO 2018		
<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>		
En relación coas bases reguladoras das subvencións para actividades destinadas a clubs e entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cedeira, ano 2018, declaro responsablemente o seguinte:		
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e de seguridade social.</li><li>➤ Que non ten pendente de xustificar subvencións concedidas polo Concello de Cedeira.</li><li>➤ Que non está sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei Xeral Tributaria.</li><li>➤ Que se atopa inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Galega.</li></ul>		
<b>Deporte base</b>		
<b>ANO DE NACEMENTO</b>	<b>NÚM. DEPORTISTAS</b>	<b>DE</b>
DEPORTISTAS NADOS NO 2000		
DEPORTISTAS NADOS NO 2001		
DEPORTISTAS NADOS NO 2002		
DEPORTISTAS NADOS NO 2003		
DEPORTISTAS NADOS NO 2004		
DEPORTISTAS NADOS NO 2005		
DEPORTISTAS NADOS NO 2006		
DEPORTISTAS NADOS NO 2007		
DEPORTISTAS NADOS NO 2008		
DEPORTISTAS NADOS NO 2009		
DEPORTISTAS NADOS NO 2010		
DEPORTISTAS NADOS NO 2011		
DEPORTISTAS NADOS NO 2012		
DEPORTISTAS NADOS NO 2013		



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

DEPORTISTAS NADOS NO 2014	
DEPORTISTAS NADOS NO 2015	

**Número de deportistas federados**

Número total de deportistas federados:

Número de deportistas femininas federadas:

**Organización de actividades, torneos, eventos etc.**

DENOMINACIÓN DO EVENTO	DATA DE CELEBRACIÓN

**Compromiso de participación nas actividades, eventos e reunións organizadas polo Concello (criterio 4º da base cuarta das reguladoras para a concesión da subvención).**

**Antigüidade do club. Data de constitución do club/asociación:**

**Técnicos deportivos titulados e acreditados:**

NOME	DNI	Titulación

**ORZAMENTO DA ACTIVIDADE**

Detalle gastos	Importe

Detalle ingresos	Importe



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

<b>Importe da subvención que se solicita:</b>	<b>Abono anticipado (50%)</b>
<input type="checkbox"/> A asociación/club comprométese ao emprego da lingua galega na difusión das actividades (base 4ª.11).	
<input type="checkbox"/> A asociación/club comprométese a colaborar coa Concellería de Servizos Sociais con menores para os que se acredite unha situación económica negativa para facer fronte ao pagamento das cotas por actividades deportivas (base 4ª.12).	
SINATURA:	
DATA:	

**MODELO ANEXO B: Relación da totalidade dos gastos**

<b>D./Dª.</b>					
<b>Presidente/a de:</b>					
<b>Con CIF:</b>					
<b>Enderezo:</b>					
<b>Localidade:</b>		<b>CP:</b>		<b>Teléfono/s:</b>	

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que os gastos efectuados por esta asociación, e que serven de xustificación para a subvención concedida polo Concello de Cedeira, son os seguintes:

DATA	Nº FACTURA	PROVEDOR	CIF	CONCEPTO	IMPORTE



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*

*C.I.F.: P-1502200-G*


En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

SINATURA